



CONCELLO DE REDONDELA

Expediente núm.: 3143/2022

Acta de Preparación e realización do 1º exercicio

Procedemento: Planificación e Ordenación de Persoal

Data de iniciación: 26/05/2022

ANUNCIO DE RESULTADO DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN

Eu, Dona Ana Gesteira Ponce, en calidade de Secretaria do Tribunal do proceso selectivo para cubrir unha praza de Auxiliar da Administración a tempo parcial (quenda persoas con discapacidade) nomeado mediante Resolución de Alcaldía 2026-0429 de 05/02/2026

CERTIFICO

Que segundo consta na Acta da realización do 1º exercicio da oposición para cubrir unha praza a tempo parcial de Auxiliar de Administración xeral do Concello de Redondela reservada para persoas con diversidade funcional da OEP 2021,

O Martes 17 de Marzo do 2026 ás 10:02 no Multiusos da Xunqueira de Redondela realizouse un único chamamento para a realización dun exame tipo test con 40 preguntas e 4 de reserva.

As dúas persoas presentadas á proba realizaron a mesma sen incidencias salientables, rematando en tempo e forma ás 11:00 da mañá.

Que unha vez corrixidos as probas, obtivéronse os seguintes resultados:

Nome	Apelido1	Apelido2	Puntos	Nota
MARÍA LUZ	PAMPILLÓN	FERNÁNDEZ	52	6,50
ANTONIO	BARROS	ALFONSO	50	6,25

O Tribunal acorda a continuación CONVOCAR ás dúas persoas aspirantes á realización do 2º exercicio da Fase oposición para cubrir unha praza de Auxiliar da Administración a tempo parcial (quenda persoas con discapacidade) para o vindeiro **Xoves 16 de abril do 2026 ás 10:00** horas no Multiusos da Xunqueira.

O Tribunal lembra que, tal e coma dictan as Bases xerais do procedemento na Base 11.3, o prazo para a presentación de reclamacións é de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio.

O Tribunal decide expoñer publicamente, anexo a este anuncio, o cuestionario tipo test así coma o cadro de respostas correctas.

E para que así conste expido e asino o presente certificado en Redondela a 18 de marzo do 2026, dixitalmente á marxe.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 4R4H9R4P16NGWHYTW3XAC36XD
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9

Ana Gesteira Ponce (1 para 1)
Auxiliar Administrativo
Data de Expedición: 18/03/2026
Difusión: 18/03/2026
HASH: 186654c45555a8b605940d751ddc21422



ANEXO 1: EXAME TIPO TEST

Galego

1. Segundo o artigo 17.2 da Constitución Española, que trata sobre a detención preventiva, que prazo máximo se establece para que o detido deba ser posto en liberdade ou á disposición da autoridade xudicial?

- a) 48 horas.
- b) 24 horas.
- c) 72 horas.
- d) 12 horas

2. Cal dos seguintes dereitos se reconece e protexe no artigo 20 da Constitución Española?

- a) Á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.
- b) Ao dereito de reunión pacífica e sen armas.
- c) A expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución.
- d) Ao de asociación.

3. Cal é a forma política do Estado español?

- a) Monarquía parlamentaria.
- b) Constitucional e democrático.
- c) Estado democrático.
- d) Estado social e democrático de dereito.

4. Cal é a duración do mandato de deputados e senadores segundo a Constitución?

- a) 3 anos
- b) 4 anos
- c) 5 anos
- d) 6 anos

5. Segundo o artigo 119 da Constitución Española:

- a) A xustiza será sempre gratuíta.
- b) A xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei.
- c) A xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto de quen acrediten insuficiencia de recursos para litigar.
- d) A xustiza será gratuíta unicamente para os cidadáns españois

6. De acordo co disposto no artigo 15 da Constitución Española de 1978:

- a) Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e das comunidades.
- b) Toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade.
- c) Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes.
- d) Os españois teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional.

7. Segundo o artigo 137 da Constitución Española, o Estado organízase territorialmente en:

- a) Municipios, provincias e comunidades autónomas que se constitúan.
- b) Municipios, provincias e rexións históricas.
- c) Municipios, comarcas e comunidades autónomas.
- d) Provincias e comunidades autónomas.





8. Segundo o artigo 98.1 da Constitución Española, o Goberno componse de:

- a) O Presidente, os Vicepresidentes e os Ministros.
- b) O Presidente, os Vicepresidentes no seu caso, os Ministros e os demais membros que estableza a lei.
- c) O Presidente e os Ministros unicamente.
- d) O Presidente, o Senado e os Ministros.

9. O Estatuto de autonomía de Galicia é:

- a) A Lei 1/1981 de 6 de abril.
- b) O Decreto Lei 6/1981 de 1 de abril.
- c) O Decreto legislativo 6/1981 de 1 de abril.
- d) A Lei Orgánica 1/1981 de 1 de abril.

10. O artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia di que é competencia exclusiva da Comunidade autónoma de Galicia:

- a) O réxime mineiro e enerxético.
- b) A propiedade industrial e intelectual.
- c) A ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.
- d) Os vertidos industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ó litoral galego.

11. Segundo o Decreto 1836/1974 no seu artigo 1 “As fontes do ordenamento xurídico español son

- a) A Constitución española e as normas de rango inferior.”
- b) A Constitución europea, a Constitución española e as normas de rango inferior.”
- c) A Lei, o costume e os principios xerais do dereito.”
- d) As Leis, os Regulamentos e as tradicións.”

12. O principio de xerarquía normativa implica que:

- a) As normas superiores deben de ser referendadas polo Rei.
- b) Unha norma de rango inferior non pode contradicir nin vulnerar o que estableza outra de rango superior.
- c) Todas as normas dependen dunha superior.
- d) Non hai normas equiparables, todas son xerarquicamente dependentes.

13. No art. 30.2 da Lei 39/2015 dise que nunha tramitación administrativa, salvo que unha Lei ou por dereito da Unión europea dispoñan doutro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, estes serán

- a) Naturais.
- b) Hábiles, incluídos os sábados, excluindo domingos e festivos.
- c) Naturais excluindo fins de semana.
- d) Hábiles, excluíndose os sábados, domingos e festivos

14. Segundo o Capítulo II da Lei 39/2015 son recursos administrativos:

- a) Recurso de alzada, recurso potestativo de reposición, recurso ordinario de revisión.
 - b) Recurso de alzada, recurso potestativo de reposición, recurso ordinario de revisión, recurso contencioso-administrativo.
 - c) Recurso de alzada, recurso potestativo, recurso extraordinario de revisión.
 - d) Recurso de alzada, recurso potestativo de reposición, recurso extraordinario de revisión.
-





15. Conforme ao artigo 21 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común, a Administración está obrigada a:

- a) Resolver unicamente os procedementos iniciados de oficio.
- b) Resolver e notificar a resolución en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación.
- c) Resolver só cando o solicite o interesado.
- d) Resolver unicamente cando exista normativa específica que o esixa.

16. Cando unha resolución administrativa non sexa expresa, conforme aos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común, o efecto producido polo silencio administrativo pode ser:

- a) Sempre desestimatorio.
- b) Sempre estimatorio.
- c) Estimatorio ou desestimatorio segundo os casos previstos pola lei.
- d) Nulo de pleno dereito.

17. Cal dos seguintes servizos non é obrigatorio en todos os municipios?

- a) Iluminación pública
- b) Cemiterio
- c) Rede de sumidoiros
- d) Protección Civil

18. Segundo o artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do réxime local, a aprobación de ordenanzas corresponde a:

- a) O alcalde
- b) A xunta de goberno local
- c) O pleno da corporación
- d) A deputación provincial

19. Como se define o municipio, segundo a Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora de Bases de réxime Local:

- a) A entidade local global da Organización Territorial do Estado. Ten personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- b) A entidade local básica da Organización Institucional do Estado. Ten personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- c) A entidade local básica da Organización Territorial do Estado. Ten personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

20. Sinala cal dos seguintes datos non é obrigatorio para a inscrición no padrón municipal de habitantes:

- a) Nacionalidade
- b) Sexo
- c) Estado civil
- d) Domicilio habitual

21. Nun Concello, o goberno e a administración municipal corresponde a:

- a) Pleno municipal
 - b) Alcalde e concelleiros
 - c) Tenente alcalde e Xunta de Goberno
 - d) Ningunha é correcta.
-





22. Segundo o artigo 124 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, o Alcalde poderá delegar mediante decreto a función de autorizar e dispoñer de gastos nas materias da súa competencia en

- a) A xunta de Goberno
- b) O pleno
- c) Os xefes de servizo
- d) Autorizar e dispoñer gastos na materia da súa competencia non é delegable.

23. Que tipo de sesións poden celebrar os órganos colexiados das entidades locais?

- a) Só celebran sesións ordinarias de periodicidade preestablecidas.
- b) Poden celebrar sesións extraordinarias
- c) As dúas anteriores son correctas
- d) As sesións poden ser ordinarias de periodicidade preestablecida e extraordinarias, que poden ser, ademais, urxentes.

24. A aprobación de orzamento, de conformidade co artigo 127 de Lei de Bases de Réxime Local é competencia do :

- a) Pleno
- b) Alcalde
- c) Xunta de Goberno Local
- d) A comisión especial de contas.

25. Que obrigación teñen as Administracións Públicas respecto a os rexistros?

- a) Dispoñer dun Rexistro Electrónico Xeral.
- b) Manter unicamente rexistros en papel para garantir a proximidade.
- c) Dispoñer dun rexistro auxiliar en cada oficina de atención ao cidadán.
- d) É opcional segundo o tamaño da Administración.

26. Onde poden as persoas interesadas presentar documentos dirixidos ás Administracións Públicas?

- a) Unicamente no rexistro electrónico da Administración á que se dirixan.
- b) Nas oficinas de Correos, exclusivamente mediante correo ordinario.
- c) No rexistro electrónico de calquera Administración ou Organismo público vinculado ou dependente.
- d) Só nas representacións diplomáticas de España no estranxeiro.

27. Segundo o artigo 9 do Estatuto Básico do Empregado Público, que caracteriza ao funcionario de carreira?

- a) Desempeña funcións mediante contrato laboral indefinido.
 - b) Está vinculado á Administración por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo.
 - c) É nomeado para necesidades urxentes e temporais.
 - d) Só pode ocupar postos de carácter político.
-





28. Segundo o artigo 14 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, relativo ao dereito á protección fronte aos riscos laborais, sinala a afirmación correcta:

- a) Os traballadores só teñen dereito a protección cando exista risco grave e inminente.
- b) Os traballadores teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.
- c) A protección fronte aos riscos laborais é unha facultade voluntaria do empresario.
- d) Os traballadores son os únicos responsables da súa propia seguridade no traballo.

29. A Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia no seu art. 15 clasifica os tipos de solo coma:

- a) urbano e rústico.
- b) urbano, urbanizable e rústico.
- c) urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico.
- d) urbano, urbanizable, rústico e industrial.

30. A quen corresponde adoptar as medidas necesarias para a paralización das obras e actividades en execución sobre un solo rústico?

- a) Ó Concelleiro/a de Urbanismo.
- b) Ó Alcalde/ Alcaldesa.
- c) Á APLU (Axencia da protección da legalidade urbanística)
- d) Á Policía local.

31. Segundo o artigo 79 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, cales son as clases de bens que poden integrar o patrimonio dunha entidade local?

- a) Bens de dominio público e bens patrimoniais.
- b) Bens públicos, bens privados e bens estatais.
- c) Bens de servizo público, bens económicos e bens administrativos.
- d) Bens demaniais, bens fiscais e bens privados.

32. Segundo o artigo 80 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local os bens de dominio público das entidades locais caracterízanse por ser:

- a) Alienables, embargables e prescriptibles.
- b) Inalienables, imprescriptibles e inembargables.
- c) Alleables mediante acordo do alcalde.
- d) Bens que poden usarse libremente sen regulación.

33. Segundo o artigo 13 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o contrato de obras ten por obxecto:

- a) A prestación de servizos intelectuais.
- b) A realización dunha obra ou traballo de construción ou enxeñería civil.
- c) A compra de bens mobles.
- d) A explotación dun servizo público.

34. Segundo o artigo 15 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público a característica esencial dos contratos de concesión de servizos é:

- a) A Administración paga sempre un prezo fixo.
- b) O contratista asume o risco operacional da explotación.
- c) Só poden adxudicarse mediante contrato menor.
- d) Non existe transferencia de risco.





35. Conforme ao disposto no artigo 59 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cal dos seguintes é un imposto de exacción obrigatoria para os municipios?:

- a) Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras
- b) Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana
- c) Imposto sobre Bens Inmóbles
- d) Imposto sobre Gastos Suntuarios

36. Segundo recolle o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, canto tempo ten o Pleno para resolver as reclamacións presentadas contra o orzamento xeral aprobado inicialmente?

- a) 15 días
- b) 2 meses
- c) 1 mes
- d) 3 meses

37. Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, quen están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo? (sinale a resposta correcta):

- a) Aqueles cidadáns maiores de 65 anos
- b) As persoas físicas con domicilio en municipios de máis de 10.000 habitantes
- c) As persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica
- d) Unicamente os funcionarios de carreira da Administración Xeral do Estado

38. Conforme ao disposto no artigo 38.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a creación das sedes electrónicas das Administracións Públicas debe suxeitarse, entre outros, aos principios de:

- a) Gratuidade, indispoñibilidade e descentralización
- b) Transparencia, publicidade, responsabilidade e seguridade
- c) Xerarquía, eficacia e concentración de servizos
- d) Exclusividade, confidencialidade e reserva administrativa

39. Segundo o artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, terán dereito de acceso á información pública (sinale a resposta correcta):

- a) Só os cidadáns españois maiores de idade
- b) Os cidadáns da Unión Europea con residencia en España
- c) Todas as persoas
- d) Unicamente quen acredite un interese lexítimo na información solicitada





40. Segundo o artigo 21.2 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, en materia de igualdade, as entidades locais (sinale a resposta correcta):

- a) Aprobarán un Plan de Igualdade nun prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da Lei
- b) Integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, para ese efecto, co resto das Administracións públicas
- c) Crearán unha unidade de igualdade en cada concello con independencia do seu tamaño
- d) Reservarán un mínimo do 40% dos postos directivos para mulleres

PREGUNTAS DE RESERVA

RESERVA 1. Segundo o artigo 59.2 da Constitución Española, se o Rei fose menor de idade:

- a) Exercerá a Rexencia o Presidente do Goberno.
- b) Exercerá a Rexencia o pai ou a nai do Rei.
- c) Exercerá inmediatamente a Rexencia o pai ou a nai do Rei e, no seu defecto, o parente maior de idade máis próximo a suceder na Coroa.
- d) Exercerá a Rexencia o Congreso dos Deputados.

RESERVA 2. Un acto administrativo é nulo de pleno dereito se

- a) Lesiona dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Está ditado por un órgano competente por razón de materia ou territorio.
- c) Non é constitutivo de infracción penal.
- d) Todas as anteriores son correctas.

RESERVA 3. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, conforme ao artigo 75, que fase do procedemento administrativo ten por obxecto determinar, coñecer e comprobar os feitos en virtude dos cales deba pronunciarse a resolución?

- a) Iniciación
- b) Instrución
- c) Ordenación
- d) Finalización

RESERVA 4. Segundo o disposto no artigo 5.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, como debe procederse se a información suxeita ás obrigacións de transparencia contivese datos especialmente protexidos?

- a) Publicarase integramente sempre que o interese público prevaleza sobre o privado
- b) Esta información queda excluída de calquera tipo de publicación ou acceso público
- c) A publicación requirirá o consentimento expreso e por escrito de todos os afectados
- d) A publicidade só levará a cabo previa disociación dos mesmos



ANEXO II: Cadro de respostas correctas

1 C	21 B
2 C	22 A
3 A	23 D
4 B	24 A
5 C	25 A
6 C	26 C
7 A	27 B
8 B	28 B
9 D	29 C
10 C	30 B
11 C	31 A
12 B	32 B
13 D	33 B
14 D	34 B
15 B	35 C
16 C	36 C
17 D	37 C
18 C	38 B
19 C	39 C
20 C	40 B

